

## O colectivo “ViGa” renova a mostra de arte no Mercado da Tía Ni en Sabarís.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 11 Setembro 2015 20:39

---



Até finais de setembro poderá visitarse a mostra de arte dos creadores Víctor Lorenzo e Gabi Carrera. Instalada no Mercado de la Tía Ni, a exposición estará aberta de 10:30 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas.

A exposición conxunta dos artistas amosa traballos en pintura de Gabi e esculturas de Víctor tendo na madeira a base e nexo de unión nas obras de ambos os dous creadores. O grande éxito da exposición durante o verán permite amosar agora novas pezas tralo retiro das adquiridas polos visitantes, quen permitiron a súa exhibición até de agora.